

O BARRIO

BOLETÍN INFORMATIVO PARA A VECIÑANZA DE CANIDO



Nace **O Barrio**, un boletín para a veciñanza do barrio de Canido. A Asociación Veciñal de Canido e a Asociación Cultural Muíño do Vento promovemos esta publicación, aspirando que sexa unha ferramenta útil que transmita información de interese e facilite unha vía para a expresión e diálogo cos veciños e veciñas, tal e como expresamos na contraportada.

Para ilustrar a portada deste Nº 0 escollemos unha imaxe do Centro Cívico de Canido, que dende 2017 se converteu nun centro neurálxico do barrio, sendo a casa da AV, da asociación sociocultural Muíño do Vento e do colectivo Opaíí Radio Filispim. Ademais, acolle as actividades regulares doutras asociacións: Fundación INGADA, Asociación Luanda, Concerto Tempo, Manaia, etc.

EQUIPO DE REDACCIÓN

Rafael Aguirrebengoa Esnaola

Antonio Casal Velázquez

Guillermo Castro Peccis

Celia Fernández

Maica R. Freire

Cada semana, o Centro Cívico acolle mais de 150 horas de actividades dentro dunha amplísima oferta, que vai dende as actividades lúdicas como Cantos de Taberna, clases de idiomas, exercicio terapéutico e deportivo a actividades para maiores como a exercitación da actividade mental. Nas páxinas interiores detallamos algunhas novas propostas.

ESTÁ A ACONTECER

A ACTUALIDADE DO BARRIO PARA QUE ESTEAS AO DÍA

UN MONUMENTO PARA A MEMORIA

Un valor artístico para o barrio

O barrio conta, dende febreiro, cunha escultura do artista Manuel Patinha no Parque Antón Varela. Patinha é un recoñecido artista portugués afincado en Galicia que cedeu desinteresadamente esta peza. A presenza da obra en Canido aporta un valor cultural e artístico ao espazo público.

Unha obra de enorme significado

A obra coroa unha estrutura que rende tributo ás persoas represaliadas polo bando franquista e a ditadura entre 1936 e 1975, recollendo máis de 900 nomes ata agora coñecidos en Ferrolterra, Eume e Ortegál, que deron a súa vida na defensa da democracia. Con este recoñecemento, o Concello de Ferrol salda unha importante débeda histórica coas vítimas da represión. No 14 de abril, aniversario da proclamación da II República, o monumento será un punto de referencia para a conmemoración.

Por que nese lugar de Canido?

En Ferrol non houbo guerra, tan so unha heroica pero breve resistencia militar e cidadá ao Golpe de Estado, mais a represión golpeou con dureza extrema na comarca. Foi o antigo Cemiterio, agora o terreo do IES Canido, un lugar de fusilamentos e de aí a relevancia de significar este lugar como espazo para a memoria.



O memorial foi inaugurado o 24 de febreiro nun evento organizado polo Concello de Ferrol.



NOVO COLECTOR MARRÓN

Notaches que hai un novo colector de lixo de cor marrón nas rúas de Canido?

O barrio participa, de forma pioneira no municipio, nun innovador programa de reciclaxe de residuos orgánicos, orquestrado pola Xunta de Galicia e o Concello de Ferrol. Este quinto colector de cor marrón está concibido para recoller a materia orgánica producida pola veciñanza e negocios e producir “compost” para xardinería na planta de compostaxe de Narón.

Que se precisa para poder botar lixo ao colector marrón?

Para que un proceso de compostaxe teña éxito, é preciso que o contido do residuo sexa de calidade. É por iso que estes colectores están pechados con chave.

Para sumarte á iniciativa, podes recoller a chave do colector e mais un cubo e bolsas compostables para a túa casa, no Centro Cívico en horario de de 11:00 a 13:00 de luns a venres.



FORO LITERARIO GALEGO

O 15 de Marzo iniciouse esta nova actividade cultural, con 28 persoas participantes. Trátase dun foro literario de carácter participativo. Unha vez ao mes, o grupo xuntarase con autores e autoras dos libros propostos para a lectura.

A biblioteca, lugar de encontro

A biblioteca, sede desta actividade, contará con algúns exemplares para garantir que as persoas participantes teñan acceso a eles. O foro está coordinado polo escritor Antón Cortizas Amado.



Sabías que...

... no Centro Cívico de Canido (Rúa Poeta Perez Parallé S/N), podes manter as **reunións veciñais da túa comunidade?**

Contacta coa AV para máis información.

A XENTRIFICACIÓN: UN PROBLEMA ÁS NOSAS PORTAS

Que é a xentrificación e en que nos afecta?

O barrio está amosando síntomas dun proceso que poderíamos chamar **xentrificación**. Este concepto fai referencia a un conxunto de procesos que veñen dados pola especulación urbanística e inmobiliaria e que supón unha serie de consecuencias negativas. Estas consecuencias van da man e funcionan como un efecto dominó:

Suba progresiva do prezo da vivenda, peche do comercio local, baleirado dos servizos básicos ou a **expulsión da poboación do barrio**. O acceso á vivenda xa non estaría ao alcance de moitas familias que non poderían custear o novo nivel de vida. Os antigos veciños e veciñas son expulsadas ás periferias, onde hai maior dificultade de acceso aos recursos.



Que podemos facer para facer fronte a este proceso?

Dende a AV de Canido e da Asociación Sociocultural Muíño do Vento, estamos a levar a cabo actividades para dar a coñecer ao barrio o que está comezando a acontecer e as ferramentas coas que contamos para facer fronte a este proceso.

Con este motivo, levamos xa un tempo tratando esta temática a través de pequenos clips colgados nas nosas RRSS, pero tamén a través da organización dunha serie de palestras informativas que se desenvolverán nos meses de abril e maio.

A primeira das conversas deste ciclo titulado O BARRIO É NOSO terá lugar o **12 de abril ás 19.00 h** e contará coa presenza de **Iago Lestegás Tizón**, doutor en rexeneración urbana, que dedicou parte da súa investigación ao estudo destes procesos. Nesta palestra explicará, dun modo didáctico, a que nos referimos cando falamos de xentrificación.

Das seguintes palestras e datas daremos cumprida conta a través deste boletín que teredes cada mes a vosa disposición, así como a través das nosas RRSS e no taboleiro do Centro Cívico.



O BARRIO É NOSO!!

Palestra

Xentrificación: un reto para os nosos barrios

Intervirá:
Iago Lestegás Tizón, investigador e doutor en rexeneración urbana.

Presenta:
Celia Fernández Alvariño, socióloga.

12 de abril
19.00 h
Centro Cívico de Canido

Organizan: Muño do Vento Asociación Veciñal de Canido - Ferrol Colabora: FERROL



ACTIVIDADES AGROCULTURAIS


Dende febreiro, a AV vén ofrecendo unha serie de **cursos relacionados coa agricultura**, accións formativas que, como os proxectos da **Horta Comunitaria** (xunto ao Centro Cívico) e o **Bosque Comestible** (xunto ao lavadoiro de Ínsua), son posibles grazas á colaboración veciñal.

O 27 de abril, se o tempo o permite, celebraremos a segunda edición do **AgroCabaré**, unha xornada festiva con música, teatro e outras variedades que terá lugar na Horta Comunitaria. O recadado nesta xornada destinarase aos proxectos agroalimentarios do barrio.

Sabías que...

...Ser socia/o da AV de Canido fomenta a dinamización de actividades, reivindicativas e de mellora da calidade de vida.

Ademais, grazas ás cotas, mantemos un servizo de Enfermaría e outro de Atención ao Público a diario, así como a realización de actividades regulares e puntuais para todo tipo de públicos. Faite socia/o a través da web <https://avcanido.org/> ou no Centro Cívico de luns a venres, de 11:00 -13:00 horas.



Que fai que Canido sexa Canido? Onde reside a esencia que dota ao Barrio Alto dun carácter de seu? Por acaso nas súas xentes, na súa forma de relacionarse, na súa configuración urbana?

Para responder á cuestión temos que retrotraer o noso ollar á segunda metade do século XVIII, cando, ao abeiro do estado borbónico, estase a desenvolver o novo Ferrol, cos seus estaleiros e arsenais. Xorde entón unha nova poboación, un novo núcleo urbano que condiciona o devir de Canido.

Canido ocupa entón un espazo externo con respecto ao Ferrol nacente, se ben, ao mesmo tempo, cando a vila se pecha entre murallas, Canido queda inserido na mesma. Abanéase entre dous espíritos, o do urbano e o do rural. Esta duplicidade amósasenos clara na vida da súa veciñanza, que combina o desempeño propio dun mundo agrícola có dun espazo urbano. Esta forma específica de vivir, de relacionarse coa contorna, xera a particular configuración urbana do barrio, coas súas rúas de pequenas caseñas e hortas, a diferenza da trama de vivendas en varias alturas que se ergue no centro de Ferrol.

Agora ben, chegados ao século XXI, que queda de todo isto?

As vellas formas de vida esvaecéronse. A agricultura é, como moito, testemuñal, tamén decaeu a actividade fabril. Mais pervive a memoria, a memoria contida nos nomes, que nos falan deses outros Canidos pretéritos. Nomes propios de lugares irrepitibles, como o Corral de Chapón, ameazados polo declive demográfico e polo empuxe do proceso de xentrificación. Nomes dunha paisaxe cultural que, na súa interacción có medio, os nosos devanceiros construíron. É o noso deber protexer ese legado, para que Canido sexa Canido, e non un lugar fútil e carente de personalidade.

Con esta reflexión, presentamos o proxecto Canido en Nomes (<https://canidoennomes.eu/>) unha xanela, dende a toponimia, coa que ollar o pasado do Barrio Alto. Unha reivindicación dos lugares comúns, das nosas rúas e prazas. En definitiva, unha defensa desa paisaxe única e irrepitible.

O MUÍÑO INFORMA



O mes de abril é, desde 2012, un mes importante para a Asociación Muíño do Vento. O 25 de abril dese ano, convocábase na SDR de Canido unha Asemblea de barrio, no marco do modelo participativo que se estaba a desenvolver no Concello de Ferrol nesa altura. Con esa ocasión, presentábase o Colectivo Muíño do Vento, manifestando a súa vontade de “incorporarse ao movemento veciñal que xorde ao abeiro dos orzamentos participativos”. A súa proposta con obxectivos para o urbanismo do barrio, da defensa do patrimonio cultural, dos servizos e dun barrio amigable, resultou aprobada na Asemblea de barrio, sendo

elixidos os catro representantes apoiados desde o colectivo. Figuraba na candidatura Ángeles Cuadrado Caruncho (Marichi). No noso recordo queda a súa disposición e combatividade.

Para finais daquel ano 2012, constituíase legalmente a nosa Asociación e, desde entón, todos os anos, en abril, conmemoramos simultaneamente a nosa fundación e o aniversario da Revolución dos cravos. De feito, na folia divulgativa que publicou o Colectivo daquela, xa estaba presente un caravel vermello lembrando a Revolución dos caraveis que se producira 38 anos antes no noso país irmán, Portugal.

Este ano 2024, a cincuenta anos vista de 1974, mantemos a tradición. Así, o xoves 25 de abril faremos que soe de novo no barrio o Grândola Vila Morena, facendo un brinde ao remate da presentación ás 19:30h do libro, editado por Muíño do Vento, titulado “A Revolución dos cravos pretos”. Este é un recoñecemento explícito á importancia que tivo a loita anticolonial no proceso que veu acabar coa que era a ditadura máis antiga do occidente europeo e demostrou que tampouco había esperanza para a que oprimía aos galegos e a todos os pobos do que finalmente se constituiría como Reino de España. O libro está redactado polos nosos compañeiros Xoán Fco. López e Rafa Aguirrebengoa, que presentarán o acto.

Así mesmo, celebraremos a XII aniversario cunha cea de irmandade de Muíño do Vento o venres 26 de abril no local da SDR de Canido.



CÓNTANOLO TI!

Se queres aportar a este boletín fotografías ou textos breves relacionados co barrio de Canido, ponte en contacto coa AV de Canido no ecorreo boletincanido@gmail.com

Participan nesta publicación:



ASOCIACIÓN VECIÑAL DE CANIDO

Aglutina a acción participativa da veciñanza, colectivos e sectores do barrio. Na súa xunta directiva están tamén representadas a Parroquia Santa Cruz-San Rosendo, a Sociedade Deportiva e Recreativa Canido, A Asociación da Hostalería, Comercio e Profesionais de Canido (HOSCOMPRO) e a ASC Muiño do Vento.

<https://avcanido.org/>
avcanido@gmail.com



ASOCIACIÓN SOCIO-CULTURAL MUÍÑO DO VENTO

Ten por obxectivo revitalizar a vida do barrio e a dos seus veciños/as, en todas as súas vertentes: social, medioambiental, urbanística, cultural, deportiva, comercial e festiva, promovendo a conservación das nosas tradicións, lingua, historia, artes e festexos; en definitiva, a nosa cultura. A filosofía, traballo e proxección desta entidade van encamiñadas a mellorar a calidade de vida do barrio e, polo tanto, a dos seus veciños/as.

<https://muinhodovento.gal/>
canido@muinhodovento.gal



ASOCIACIÓN CULTURAL FERROLTERRA ANTIGA

Dedícase á aproximación da cidadanía ao patrimonio e a historia da comarca de Ferrol e da súa contorna máis próxima, buscando exercer un labor divulgativo que serva para darlle a coñecer á veciñanza o pasado da nosa terra.

<https://ferrolterraantiga.blogspot.com/>